

RESOLUCIÓN REITORAL DO 8 DE MARZO DE 2022 POLA QUE SE APROBAN AS LISTAS PROVISIONAIS DAS SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS DA CONVOCATORIA CORRESPONDENTE ÁS AXUDAS DO FONDO SOCIAL 2021.

De conformidade co disposto na resolución reitoral do 15 de xuño de 2021 pola que se autoriza a convocatoria de axudas do Fondo Social 2021,

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro.- Publicar a presente resolución pola que se declaran aprobadas as listas provisionais das solicitudes admitidas e excluídas correspondentes ás axudas do fondo social 2021.

Segundo.- As listas provisionais de admitidos e excluídos estarán a disposición dos participantes na Secretaría Virtual da Universidade de Vigo (<https://secretaria.uvigo.gal>); os participantes na convocatoria terán acceso restrinxido as listaxes.

Terceiro: De conformidade coa base undécima da resolución reitoral do 15 de xuño de 2021, os aspirantes excluídos e os omitidos por non figurar na lista de admitidos nin na de excluídos, disporán ata o **22 de marzo de 2022** para a corrección de erros e/ou emenda de defectos.

Os aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o seu dereito a seren incluídos na relación de admitidos, quedarán definitivamente excluídos.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte a publicarse, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación desta resolución. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O REITOR

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Na data da sinatura dixital do documento

A TODO O PERSOAL DA UNIVERSIDADE DE VIGO

